

A ROUPA



1. Busca as palabras no debuxo e escribe ao lado o número correspondente.

saia	botas	bragas	gravata
tenis	calzóns	xersei	sandalias .
pixama	vestido	zapatillas .	medias
cinto	zapatos	pantalón ...	camisa

2. Ordena as letras para formar o nome das pezas de roupa que se indica.

- Chaqueta ou xersei de deporte de tecido grosso, que pode ter capucha.

O S I R U A O D

- Peza do vestiario para cubrir a man, xeralmente dedo por dedo.

U V A L

- Peza de vestir que se pon na cabeza para cubrila ou adornala.

B S E I O R O M R

- Peza de roupa de abrigo, en forma de chaqueta, feita de pel ou tecido grosso.

A M A R A R Z

3. Apoiándote nas definicións, escribe parellas de verbos relacionadas co vestuario.

Exemplo. Unir e separar dúas partes dun pano por medio de puntos dados cun fío enfiado nunha agulla: **coser e descoser**

- Quitar e poñer a roupa:
 - Axustar e desaxustar unha peza de vestir con botóns:
 - Facer e desfacer dobras irregulares nunha tea:
 - Poñer e quitar do pé algún tipo de calzado:
- Que prefixo empregaches para formar unha das palabras de cada parella?
Empreguei o prefixo

4. Describe como vas vestida ou vestido hoxe. Utiliza os substantivos dos exercicios anteriores relacionándoos con algúns dos seguintes adxectivos.

abrigoso

frouxo

rechamante

elegante

groso

fino

axustado

curto

estampado

longo

fresco

liso